



INFORME SOBRE O PARO DE LONGA DURACIÓN

ANO **2022**

XUNTA DE GALICIA

EDITA

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación
Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo

ELABORA

Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo
Santiago de Compostela 2023

DESEÑO/MAQUETACIÓN

cristinazzdesign


INFORME SOBRE O PARO DE LONGA DURACIÓN ANO 2022

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación
Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo

5	1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
8	2. AS PERSOAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN
9	2.1 Características xerais
9	2.1.1 Distribución das persoas paradas
10	2.1.2 Distribución das persoas PLD por tramos de antigüidade
11	2.1.3 Evolución
14	2.1.4 Distribución xeográfica
21	2.2 Características persoais
21	2.2.1 Distribución por sexo
24	2.2.2 Distribución por tramos de antigüidade e sexo
25	2.2.3 Distribución por nivel académico e sexo
27	2.2.4 Distribución por tramos de idade e sexo
29	2.3 Características laborais
29	2.3.1 Distribución por sectores de actividade económica
32	2.3.2 Distribución por actividades económicas
33	2.3.3 Distribución por ocupacións
34	2.4 Colectivos
34	2.4.1 Persoas estranxeiras
38	2.4.2 Persoas con discapacidade
41	2.5 Prestacións por desemprego
44	3. CONTRATACIÓN ÁS PERSOAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN
47	3.1 Características dos contratos
47	3.1.1 Contratación por sexo
48	3.1.2 Contratación por tramos de idade
49	3.1.3 Contratación por nivel académico
49	3.1.4 Contratación por tipoloxía
50	3.1.5 Contratación por sectores e actividades económicas
52	3.1.6 Contratación por ocupacións
53	3.1.7 Mobilidade nas contratacións
55	4. O PERFIL DA PERSOA PARADA DE LONGA DURACIÓN
58	5. A TAXA DE DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN (EPA)
63	6. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS
66	7. ANEXO TÁBOAS



**INTRODUCCIÓN E
CONTEXTUALIZACIÓN**



O Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo do Instituto Galego das Cualificacións analiza neste informe monográfico a situación das persoas paradas de longa duración en Galicia, un dos colectivos que contan con atención prioritaria nas políticas de emprego debido á súa especial vulnerabilidade e ás dificultades que presenta para inserirse no mercado de traballo, e proporciona información das principais variables que configuran o seu ámbito sociolaboral. Este tipo de estudos contribúen a un mellor coñecemento da realidade laboral galega, pola vez que serven de instrumento para o desenvolvemento de políticas de emprego eficaces e de apoio na toma de decisións.

Comezaremos por definir o que se considera persoa parada de longa duración (PLD), para o Servicio Estatal de Empleo Público (SEPE) son aquelas persoas clasificadas como desempregadas (segundo os criterios establecidos na O.M. do 11 de marzo de 1985) e que levan inscritas como demandantes nas oficinas públicas de emprego máis de 365 días de forma ininterrompida.

O informe comeza cunha descrición xeral deste colectivo, a súa presenza e a súa evolución ao longo do tempo como un subconxunto do paro rexistrado, e a súa repartición xeográfica a nivel comarcal, provincial e autonómico. A continuación estúdase a súa distribución atendendo tanto a características persoais como laborais. Tamén se mostra información sobre colectivos vulnerables, persoas paradas de longa duración que son estranxeiras ou discapacitadas; así como das prestacións que perciben as persoas paradas de longa duración.

Cóntase cunha epígrafe onde se analizan en profundidade as contratacións realizadas a persoas que foron paradas de longa duración nos últimos anos. Por último, utilízase o indicador taxa de desemprego de longa duración da enquisa de poboación activa como outra forma de medir o paro de longa duración que permite establecer comparacións a nivel autonómico, nacional e na UE.

As fontes utilizadas para a elaboración deste informe son o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), o Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE); así como a información estatística proporcionada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e Eurostat. Os datos son mostrados en forma de táboas, gráficos, mapas e comparativas das principais variables nos distintos períodos temporais.

O informe está referido, fundamentalmente, ao peche do último ano 2022, ano no que se consolida a recuperación económica tras a pandemia. Neste marco, o PIB galego experimentou no conxunto do 2022 un aumento do 3,8% en termos interanuais (segundo os últimos resultados provisionais da contabilidade trimestral do IGE).

A taxa de paro da nosa comunidade pecha 2022 nun 10,63% (2022TIV), 2,24 puntos por debaixo da nacional; mentres os niveis de afiliacións e paro rexistrado acadan valores máximos e mínimos, respectivamente, no mes de decembro.

A afiliación medra nun 0,92% interanual e sitúase en 1.042.263 (a cifra máis alta dos últimos 14 anos para este mes) e o paro rexistrado despois de reducirse interanualmente un 6,79% acada as 142.222 persoas (a cifra máis baixa nun decembro dende que hai rexistros).

Un dos feitos máis destacables no comportamento do mercado laboral en 2022 foi o impulso da contratación indefinida, que supuxo a redución da temporalidade a mínimos descoñecidos. Consecuencia directa dos cambios contractuais introducidos pola reforma laboral (Real decreto-lei 32/2021), que, principalmente, prioriza os indefinidos e reduce os temporais a determinadas causas, pola vez que se amplía a cobertura do fixo discontinuo.

Segundo os datos da enquisa de poboación activa, en termos de ocupación, 2022 pecha con 1.104.500 persoas traballando, logo de aumentar un 1,21% en termos interanuais (2022TIV). En canto ao desemprego, o ano finaliza con 131.400 persoas paradas, un descenso do 2,74%. A poboación activa aumenta nun 0,77% e sitúase en 1.235.900 persoas activas.



**AS PERSOAS PARADAS
DE LONGA DURACIÓN**

2.1 | CARACTERÍSTICAS XERAIS


2.1.1 Distribución das persoas paradas

Antigüidade. Decembro 2022	Persoas paradas	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	% s/t paro
De curta duración	75.333	-3.928	-4,96%	52,97%
De longa duración (PLD)	66.889	-6.434	-8,77%	47,03%
Total	142.222	-10.362	-6,79%	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

As oficinas de emprego galegas rexistraron no 31 de decembro de 2022 un total de 66.889 persoas paradas de longa duración (PLD), é dicir, aquelas que levaban na procura dun emprego máis de 365 días de xeito ininterrompido; o que supoñía o 47,03% do total de persoas paradas contabilizadas en Galicia. Dito doutro xeito, case unha de cada dúas persoas desempregadas en Galicia levaban buscando emprego máis dun ano.

Persoas paradas segundo sexan de longa ou curta duración



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.


2.1.2 Distribución das persoas paradas de longa duración por tramos de antigüidade

Tramos de antigüidade. Decembro 2022	PLD	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	% s/ t PLD
de 12 a 24 meses	19.487	-1.266	-6,10%	29,13%
máis de 24 meses	47.402	-5.168	-9,83%	70,87%
Total PLD	66.889	-6.434	-8,77%	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Do total de persoas paradas de longa duración, o grupo máis numeroso corresponde coas que levan desempregadas máis de dous anos, as chamadas persoas desempregadas de moi longa duración, que engloba arredor do 71% e conforma o colectivo máis vulnerable (dentro das persoas paradas de moi longa duración destacan as que levan máis de 3 anos inscritas, que supoñen o 55,00% de todas as persoas). Pola súa parte, as persoas que levan na procura dun emprego entre 1 ano e 2 anos ascenden ao 29% do total deste colectivo.

PLD por tramos de antigüidade




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

En canto á evolución anual, as persoas paradas de longa duración mostran un descenso xeneralizado, aínda que non na mesma proporción. O total do colectivo descende en 6.434 persoas, o que supón un 8,77% menos. No entanto, o colectivo máis vulnerable, o que levaba desempregado máis de dous anos, é o que rexistra a maior caída, tanto en termos absolutos (-5.168) como relativos (-9,83%); de feito, de cada cinco persoas paradas de longa duración que abandonaron as listas do paro, 4 eran paradas de moi longa duración. Situación derivada da boa conxuntura económica que se viviu neste último ano coa reactivación do mercado laboral tras a pandemia e en consonancia coa baixada do paro xeral de todos os colectivos con máis vulnerabilidade.

2.1.3 Evolución

Evolución das persoas paradas de longa duración nos últimos cinco anos (2017-2022)




Centrándonos no período 2017-2022, que abrangue os últimos cinco anos, as persoas paradas de longa duración mostran descensos anuais, ata o 2020, ese ano este comportamento viuse interrompido pola crise do coronavirus, a cal trouxo unha notable destrución de emprego e,

paralelamente, unha subida do desemprego, e todo isto concentrado nun curto período de tempo, o que supuxo tamén un incremento notable das persoas paradas de longa duración (22.015 persoas, un 31,34% máis), incremento que afectou de xeito moito máis intenso as persoas que levaban paradas entre un e dous anos, que se incrementaron nun 66,03%. No ano 2021 recupérase a baixada do desemprego neste colectivo previa á pandemia e o paro volve diminuír de forma significativa; deste xeito, chégase ao ano 2022 con menos persoas paradas de longa duración das que había antes da pandemia, cifra que constitúe o rexistro máis baixo de todo o período.

A baixada xeral no quinquenio dos PLD é dun 21,07%, sendo máis notable nas persoas que levan desempregadas entre 1 e 2 anos (-26,44%), que teñen máis facilidade para atopar un emprego que as que levan paradas máis tempo.

Variacións anuais

PLD por tramos de antigüidade




- De 12 a 24 meses
- Máis de 24 meses
- Total

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Mensual no último ano

Evolución mensual PLD en 2022



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Se atendemos á evolución mensual do paro de longa duración ao longo do ano 2022, vemos como en xaneiro o número de persoas paradas de longa duración situábase en 72.142, a cifra máis alta de todo o ano, a partir de aquí observase unha tendencia lineal á baixa, o paro descende de xeito continuado, especialmente nos meses do verán, pero a partir de setembro como vén sendo habitual, o desemprego medra lixeiramente. Aínda así, malia aumentar o número de persoas paradas nos últimos meses, o ano pecha con menos persoas paradas de longa duración das que había en xaneiro.

2.1.4 Distribución xeográfica das persoas paradas de longa duración.

POR PROVINCIAS

Provincias. Decembro 2022	PLD	% s/t PLD	% PLD s/t paro provincia
A Coruña	27.626	41,30%	48,37%
Lugo	6.088	9,10%	44,61%
Ourense	7.729	11,55%	47,43%
Pontevedra	25.446	38,04%	46,13%
Galicia	66.889	100,00%	47,03%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Por provincias galegas, a Coruña é a que achega unha maior cota de participación de persoas paradas de longa duración (41,30%), se temos en conta a porcentaxe medida sobre o total de persoas paradas da provincia, A Coruña encabeza a clasificación galega de maior proporción de PLD, seguida de Ourense, ambas as dúas provincias quedan situadas por riba da media galega.

PLD provincias	Var.2022/21		Var. 2022/17	
	Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
A Coruña	-2.803	-9,21%	-6.022	-17,90%
Lugo	-851	-12,26%	-1.895	-23,74%
Ourense	-624	-7,47%	-1.901	-19,74%
Pontevedra	-2.156	-7,81%	-8.034	-24,00%
Galicia	-6.434	-8,77%	-17.852	-21,07%


Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Durante o último ano, todas as provincias reducen o número de persoas paradas de longa duración, a provincia de Lugo experimenta a maior baixada porcentual (-12,26%), seguida da Coruña cun -9,21%, superando a baixada media galega (-8,77%). Na análise dos últimos cinco anos, Pontevedra posiciónase como a provincia cunha maior diminución porcentual dos seus rexistros (-24,00%), seguida moi preto por Lugo (-23,74%). Ourense é a provincia onde proporcionalmente menos se reducen os PLD en cómputo anual, e A Coruña en quinquenal.

POR COMARCAS

O maior número de persoas paradas de longa duración atópase, como era de esperar, nas comarcas máis poboadas. Deste xeito, as comarcas de Vigo e A Coruña achegan 12.539 e 11.160 PLD respectivamente; entre as dúas comarcas rexistran o 35,43% do total de persoas paradas de longa duración de Galicia. Estas dúas comarcas tamén superan a media galega na incidencia do paro de longa duración; de feito, o peso deste colectivo acada porcentaxes do 48,16% e 50,06%, respectivamente; mentres que para o conxunto de Galicia a porcentaxe é do 47,03%. O resto das comarcas que teñen como cabeceira as sete cidades galegas rexistran porcentaxes inferiores a esta media. A única excepción é a comarca de Ferrol que se sitúa nun 50,79%.

Nº de persoas paradas de longa duración por comarca




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Se observamos as comarcas galegas onde o peso porcentual de PLD sobre o total de paro rexistrado supera o 50%, as primeiras posicións ocúpanas as comarcas do Xallas, Bergantiños, A Barcala, Ferrol e A Coruña na provincia de A Coruña; Chantada en Lugo; e Celanova, O Ribeiro e Verín en Ourense:

Comarcas. Decembro 2022	PLD	% PLD s/t paro comarca
Xallas	318	55,11%
Bergantiños	2.124	54,77%
Chantada	289	54,22%
Terra de Celanova	529	52,74%
A Barcala	276	52,17%
Verín	907	51,10%
Ferrol	4.508	50,79%
O Ribeiro	376	50,07%
A Coruña	11.160	50,06%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Peso PLD respecto ao total das persoas paradas por comarca (%)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

O total de persoas paradas de longa duración nestas comarcas con máis peso ascende a 20.487, o que representa o 30,63% do total de parados de longa duración de Galicia:

Pola contra, as comarcas con menos representatividade deste colectivo (menos dun 40%) correspóndense a comarcas pouco poboadas do interior de Ourense e Lugo, como son Terra de Caldelas e Meira, aínda que destaca a comarca do Barbanza en A Coruña, cun volume de poboación importante e na que este colectivo presenta unha incidencia relativamente baixa en comparación a outras comarcas cunhas características semellantes.

POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS


CCAA. Decembro 2022	PLD	Var. anual absoluta	Var. Anual relativa	% PLD s/t paro CCAA
Andalucía	294.067	-53.764	-15,46%	40,44%
Aragón	21.954	-4.777	-17,87%	37,65%
Principado de Asturias	28.641	-5.178	-15,31%	46,28%
Islas Baleares	12.438	-6.667	-34,90%	34,69%
Canarias	80.150	-28.075	-25,94%	43,76%
Cantabria	15.690	-2.439	-13,45%	46,86%
Castilla-La Mancha	54.275	-15.891	-22,65%	37,89%
Castilla y León	48.968	-9.955	-16,89%	40,14%
Cataluña	146.146	-53.377	-26,75%	42,20%
Comunidad Valenciana	173.208	-52.450	-23,24%	51,21%
Extremadura	32.154	-5.690	-15,04%	38,96%
Galicia	66.889	-6.434	-8,77%	47,03%
Comunidad de Madrid	117.639	-85.596	-42,12%	39,50%
Región de Murcia	38.542	-7.379	-16,07%	42,84%
Com. Foral de Navarra	11.506	-2.095	-15,40%	36,40%
País Vasco	53.317	-3.977	-6,94%	48,12%
La Rioja	5.542	-1.362	-19,73%	38,63%
España	1.209.281	-345.865	-22,24%	42,62%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

O desemprego de longa duración non afecta a todas as comunidades do mesmo xeito, tamén neste ámbito se ve a diversidade do noso territorio, dende as Baleares, a que presenta o mellor dato de todo o Estado, 34,69%, ata a Comunitat Valenciana, que achega a maior proporción de persoas paradas de longa duración (51,21%). En España a porcentaxe de persoas paradas de longa duración é do 42,62%, hai 6 comunidades que se sitúan por riba. Despois da Comunitat Valenciana, as comunidades situadas na franxa atlántica e cantábrica: País Vasco (48,12%), Galicia (47,03%), Cantabria (46,86%) e Asturias (46,28%) son as que presentan as proporcións máis elevadas, séguelles a Región de Murcia (42,84%). Pola contra, as comunidades que rexistran as mellores cifras son, aparte das Baleares, Navarra (36,40%) e Aragón (37,65%).

Todas as comunidades autónomas teñen un comportamento positivo na evolución anual e rexistran un descenso das persoas desempregadas. Madrid presenta a maior diminución con diferenza; tanto en termos absolutos con 85.596 parados menos, como relativos (-42,12%).


% PLD por CCAA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Mensual no último ano

Evolución anual PLD por CCAA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Andalucía tamén logra unha caída significativa do paro de longa duración, en termos absolutos (-53.764), seguida de Cataluña (-53.377) e Valencia (-52.450); porén, proporcionalmente están moi por debaixo de Madrid, cun -15,46%, -26,75% e -23,24%, respectivamente. No lado oposto sitúase o País Vasco, a que menos descende, cunha caída dun 6,94% (-3.977), seguida de Galicia cun -8,77%.

2.2 | CARACTERÍSTICAS PERSOAIS


2.2.1 Distribución do paro de longa duración por sexo

Sexo. Decembro 2022	PLD	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	% PLD s/t paro por sexo
Home	26.159	-2.142	-7,57%	43,71%
Muller	40.730	-4.292	-9,53%	49,45%
Total	66.889	-6.434	-8,77%	47,03%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

O 31 de decembro de 2022 a distribución de demandantes parados de longa duración por xénero presenta en Galicia un notable nesgo. Do total de PLD (66.889), as mulleres acadan a cifra de 40.730 e supoñen o 49,54% de todo o desemprego feminino, é dicir, case a metade das paradas galegas son de longa duración, mentres que os homes rexistran un volume notoriamente inferior (26.159), que supón arredor do 44% dos parados homes.


% PLD por sexo



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Na seguinte gráfica pódese apreciar o peso porcentual de cada xénero sobre o total das persoas paradas de longa duración, o que pon de manifesto a importante fenda existente entre ambos sexos:


Distribución PLD por sexo



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Os homes representan o 39% de todo o paro de longa duración, mentres que as mulleres superan o 60%. De todos os xeitos, a evolución das mulleres no último ano rexistra unha caída do paro de longa duración maior que a experimentada polo colectivo masculino.


Evolución PLD por sexo



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Na evolución rexistrada nos últimos cinco anos os homes (-24,18%) tiveron un descenso superior ao rexistrado entre as mulleres (-18,93%). Nas evolucións anuais, os dous sexos reduciron paro de longa duración en maior ou menor proporción, exceptuando o ano da crise da COVID-19 onde o incremento do paro de longa duración afectou máis aos homes. Se nos retrotraemos á variación con respecto á mesma data do ano anterior, a caída do paro de longa duración entre as mulleres (-9,53%) é case dous puntos maior que a rexistrada entre os homes (-7,57%).

Variación PLD por sexo



- Homes
- Mulleres
- Total

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

2.2.2 Distribución do paro de longa duración por tramos de antigüidade e sexo

Tramos de antigüidade. Decembro 2022	Homes			Mulleres		
	PLD	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	PLD	Var. anual absoluta	Var. anual relativa
De 12 a 24 meses	7.982	-246	-2,99%	11.505	-1.020	-8,14%
Máis de 24 meses	18.177	-1.896	-9,45%	29.225	-3.272	-10,07%
Total	26.159	-2.142	-7,57%	40.730	-4.292	-9,53%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.


O paro de longa duración conta con maior presenza feminina que masculina nos dous tramos de antigüidade, sobre todo no tramo das persoas que levan paradas máis de 2 anos, as cales o 62% son mulleres.

De todos os xeitos a fenda entre a situación de ambos xéneros tende a reducirse. Se observamos a evolución máis recente deste colectivo, observamos, que tanto no paro de entre un e dous anos como no superior a dous anos, o comportamento das mulleres reflicte unha mellor evolución. Entre decembro de 2021 e decembro de 2022, as paradas que levan de un a dous anos sen atopar emprego caeron un 8,14%, mentres que os homes parados nesa mesma situación descenderon apenas un 3%. No caso do paro de duración superior a dous anos, tamén caeu máis entre as mulleres (-10,07%), aínda que cunha evolución moito máis similar á rexistrada entre os homes (-9,45%).

Por tramos de antigüidade, en ambos xéneros rexístrase o maior volume de paro de longa duración nas persoas que levan máis de dous anos inscritos nas oficinas de emprego.

O peso das persoas paradas que levan máis de dous anos sen atopar emprego repercute en maior medida entre as mulleres, concretamente representan o 71,75% do total de paradas de longa duración. Entre os homes, o peso dos parados de moi longa duración é lixeiramente inferior e cae por debaixo do 70%.

Distribución PLD por tramos de antigüidade e sexo



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

2.2.3 Distribución do paro de longa duración nivel académico e sexo

PLD Nivel académico. Decembro 2022	Homes	Mulleres	Total PLD	% PLD s/t paro por nivel
Ata ESO sen título	12.202	15.290	27.492	48,63%
ESO con título	6.578	10.358	16.936	49,89%
Bacharelato	2.318	3.858	6.176	47,87%
Formación profesional de grado medio ou superior	3.192	6.397	9.589	42,59%
Titulación universitaria	1.864	4.805	6.669	41,03%
Outras titulacións ¹	5	22	27	35,06%
Total	26.159	40.730	66.889	47,03%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

1.

Outras titulacións inclúe os títulos propios das universidades e os estudos oficiais de especialización profesional (especialidades médica, farmacéutica, biolóxica, química... (MIR, FIR, BIR, QIR, PIR...), o Título profesional de Especialización Didáctica e o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP).

O nivel formativo das persoas paradas de longa duración é en xeral baixo e predominan as persoas que teñen un nivel de estudos de ata ESO sen título (o máis numeroso en ambos sexos) e a Ensinanza Secundaria Obrigatoria con titulación.

Se falamos de xénero, en todos os niveles formativos é máis alta a cota de representación feminina, aínda que é entre as persoas con titulación universitaria, onde máis se aprecia esta diferenza. As paradas de longa duración con estudos universitarios (4.805) case triplican aos homes nesta situación (1.864). No resto de niveis académicos a diferenza é menor.

O dato positivo é que de novo a evolución resulta favorable para o colectivo feminino. Se temos en conta a variación con respecto ao ano anterior, as mulleres PLD experimentan un descenso maior que o reflectido entre os homes, en todos os niveis académicos (a excepción das persoas con "outras titulacións" que é un colectivo sen incidencia debido ao seu escaso número).


PLD Nivel académico. Decembro 2022	Homes		Mulleres		Total	
	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	Var. anual absoluta	Var. anual relativa
Ata ESO sen título	-1.241	-9,23%	-1.880	-10,95%	-3.121	-10,20%
ESO con título	-419	-5,99%	-1.104	-9,63%	-1.523	-8,25%
Bacharelato	-139	-5,66%	-354	-8,40%	-493	-7,39%
Formación profesional de grado medio ou superior	-221	-6,48%	-581	-8,33%	-802	-7,72%
Titulación universitaria	-116	-5,86%	-365	-7,06%	-481	-6,73%
Outras titulacións	-6	-54,55%	-8	-26,67%	-14	-34,15%
Total	-2.142	-7,57%	-4.292	-9,53%	-6.434	-8,77%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

A seguinte gráfica ilustra o peso que ten cada nivel académico en relación ao total de PLD por sexos.

En ambos xéneros obsérvase que o maior peso atópase nos niveis de menor cualificación. En concreto, no caso dos homes, vemos como case a metade dos parados de longa duración teñen estudos ata ESO sen titulación, fronte a un 37,54% das mulleres. En cambio, no caso de estudos universitarios, esta porcentaxe redúcese ata o 11,80% no caso das mulleres e o 7,13% no caso dos homes.

Distribución PLD por nivel educativo



■ Mulleres
■ Homes

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

2.2.4 Distribución do paro de longa duración por grupos de idade e sexo

PLD Grupos de idade. Decembro 2022	Homes	Mulleres	Total PLD	% PLD s/total paro por grupos idade
<=29	1.207	1.565	2.772	17,60%
30 A 44	4.625	9.631	14.256	33,92%
45 A 54	6.829	11.657	18.486	48,57%
>=55	13.498	17.877	31.375	67,64%
Total	26.159	40.730	66.889	47,03%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

O maior número de parados concéntrase nos tramos de maior idade, tamén a incidencia do paro de longa duración é maior nestes segmentos de poboación, tanto en mulleres como en homes. Obsérvase que, case sete de cada dez persoas paradas maiores de 54 anos son de longa duración, fronte a case 2 de cada 10 parados menores de 30.


No último ano rexistrouse un descenso do paro de longa duración en todos os tramos de idade, aínda que o que máis chama a atención, é o forte descenso das mulleres de menos de trinta anos que descendieron nun 20%. As persoas de maior idade son as que teñen máis dificultade para abandonar as listas do paro sendo as que menos descendieron en ambos sexos.

PLD Nivel académico. Decembro 2022	Homes		Mulleres		Total	
	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	Var. anual absoluta	Var. anual relativa
<=29	-51	-4,05%	-393	-20,07%	-444	-13,81%
30 A 44	-543	-10,51%	-1.930	-16,69%	-2.473	-14,78%
45 A 54	-961	-12,34%	-1.416	-10,83%	-2.377	-11,39%
>=55	-587	-4,17%	-553	-3,00%	-1.140	-3,51%
Total	-2.142	-7,57%	-4.292	-9,53%	-6.434	-8,77%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Máis da metade dos homes parados de longa duración son maiores de 54 anos, e se a estes lles sumamos o 26,11% que representan os de idades comprendidas entre 45 a 54, vemos como o paro de longa duración afecta en maior proporción aos homes de maior idade que ás mulleres nesa franxa. Na franxa das persoas PLD de menor idade, tamén é proporcionalmente superior a presenza masculina que a feminina.

Distribución PLD por grupos de idade





2.3 | CARACTERÍSTICAS LABORAIS

2.3.1 Distribución do paro de longa duración por sectores de actividade económica

PLD Sectores. Decembro 2022	Homes	Mulleres	Total PLD	% PLD s/total paro por sector
Primario	1.426	780	2.206	45,79%
Industria	3.383	4.256	7.639	50,57%
Construción	4.464	813	5.277	51,40%
Servizos	15.249	31.086	46.335	46,19%
Sen emprego anterior	1.637	3.795	5.432	46,40%
Total	26.159	40.730	66.889	47,03%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Distribución PLD por sectores económicos



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

O sector servizos ten unha posición preeminente no noso tecido produtivo e concentra o maior número de persoas traballadoras e empresas, a bastante distancia do resto dos sectores. Esta circunstancia motiva que a maioría do desemprego de longa duración proceda de actividades pertencentes a este sector (69,27%). Por outra banda é un sector onde hai un predominio do colectivo feminino (o que explica que as mulleres dupliquen o número de PLD que os homes).

A construción concentra o 7,89% das persoas paradas de longa duración (5.277), e, dentro do sector da construción, o colectivo de parados de longa duración representan o 51,40% de todas as persoas paradas, peso superior ao do resto dos sectores. Por outra banda, debido a que este sector nítrese fundamentalmente de traballadores masculinos, a grande maioría dos parados son homes, mentres que as mulleres paradas son practicamente residuais.

A industria conta con 7.639 persoas paradas de longa duración. Presenta o maior número de PLD despois do sector dos servizos e, estes, son algo máis da metade de todos os parados do sector.

O sector primario, é o que representa o menor número de persoas paradas, e polo tanto, tamén a menor incidencia no paro de longa duración. As mulleres neste sector representan en torno á metade dos homes.

O 8,12% das persoas PLD non tivo a oportunidade de traballar previamente, o que é outro inconveniente para acceder a un emprego. Destes parados de longa duración sen emprego anterior 1.374 eran mulleres maiores de 54 anos (25,29%). Esta combinación de muller sen experiencia previa, sen dúbida, supón un agravante nas posibilidades de atopar un emprego.

PLD Sectores. Decembro 2022	Var.2022/21		Var. 2022/17	
	Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Primario	-86	-3,75%	-554	-20,07%
Industria	-746	-8,90%	-3.190	-29,46%
Construción	-698	-11,68%	-4.634	-46,76%
Servizos	-4.493	-8,84%	-6.948	-13,04%
Sen emprego anterior	-411	-7,03%	-2.526	-31,74%
Galicia	-6.434	-8,77%	-17.852	-21,07%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

No último ano, o sector que máis reduciu o volume de paro de longa duración foi o dos servizos, feito lóxico ao ser o que conta cun maior número de persoas nesta situación. Non obstante, en termos porcentuais, a construción está a ser o sector con maior incidencia na baixada do paro de longa duración. Este feito resulta amplificado se nos fixamos na evolución rexistrada no último quinquenio. A construción foi un dos sectores nos que se cebou en maior medida o efecto negativo da pandemia e da anterior crise económica, no entanto, xa pasado o tempo das restricións, estase a recuperar con forza. Concretamente, na variación quinquenal de 2022 experimentou unha notable recuperación que se traduciu nun importante descenso do desemprego. A caída do paro de longa duración neste sector rexistrou o maior ritmo de caída de todos os sectores, concretamente un 46,76%.

Se falamos das persoas paradas de longa duración sen experiencia, e a pesar de ser un dos colectivos con máis atrancos á hora de atopar emprego, vemos que foron quen de lograr reducir o seu volume de paro en 2.526 persoas (-31,74%) no quinquenio, o que representa o segundo maior ritmo de descenso tras o sector da construción.

2.3.2 Distribución do paro de longa duración por actividades económicas

10 actividades económicas con máis paro de longa duración (CNAE-09). Decembro 2022	PLD	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	%PLD s/ t paro da rama
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	6.760	-640	-8,65%	50,55%
Servizos de comidas e bebidas	6.138	-1.276	-17,21%	42,73%
Sen emprego anterior	5.432	-411	-7,03%	46,40%
Administración pública e defensa. Seguridade Social obrigatoria	5.150	-312	-5,71%	48,71%
Actividades relacionadas co emprego	3.059	-215	-6,57%	32,98%
Actividades de construción especializada	2.887	-343	-10,62%	49,74%
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	2.686	-199	-6,90%	54,23%
Servizos a edificios e actividades de xardinaría	2.630	-164	-5,87%	50,39%
Construción de edificios	2.148	-318	-12,90%	54,00%
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	1.948	-131	-6,30%	52,85%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Sete das dez actividades económicas das que procede a meirande parte das persoas paradas de longa duración pertencen ao sector dos servizos, as outras tres corresponden ás persoas que non traballaron con anterioridade, ás que traballaron en actividades de construción especializada e na construción de edificios. Situación moi semellante coa que ocorre co total dos parados e en consonancia coa estrutura económica de Galicia.

De todos os xeitos, as dúas actividades onde se concentran o maior número de persoas desempregadas de longa duración son o comercio e os servizos de comidas e bebidas (é dicir, basicamente persoas que traballaron como dependentes de comercio e camareiros).

Dentro do comercio especialmente relevante resulta o peso que presenta a actividade do comercio por xunto, xa que do total de parados, o 54,23% serían parados de longa duración, do mesmo xeito que a construción de edificios, onde os PLD supoñen o 54% dos parados.

No último ano estas dez actividades rexistraron un descenso do paro de longa duración. A maior incidencia foi na hostalaría, concretamente nos servizos de comidas e bebidas, onde o paro de longa duración caeu en 1.276 persoas, o que representou o maior descenso en termos absolutos e que a súa vez, representou a maior caída porcentual (-17,21%).

2.3.3 Distribución do paro de longa duración por grupos ocupacionais

10 grupos ocupacionais (CNO-11) máis demandados polas persoas PLD. Decembro 2022 ²	PLD	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	%PLD s/ t paro do grupo
Vendedores en tendas e almacéns	18.051	-1.979	-9,88%	46,19%
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares	17.805	-2.163	-10,83%	50,89%
Empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes	10.612	-1.097	-9,37%	52,12%
Peóns das industrias manufactureiras	8.078	-936	-10,38%	45,50%
Repoñedores	6.340	-609	-8,76%	44,38%
Peóns de obras públicas	6.084	-873	-12,55%	46,56%
Caixeiros e vendedores de billetes (salvo bancos)	5.947	-596	-9,11%	44,94%
Peóns do transporte de mercadorías e descargadores	5.162	-257	-4,74%	39,93%
Camareiros asalariados	5.054	-995	-16,45%	33,07%
Peóns forestais e da caza	4.672	-497	-9,62%	43,06%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

A maioría das persoas PLD rexistran na súa demanda de emprego ocupacións correspondentes ao sector servizos, algo lóxico dado que as actividades que xeran máis emprego, desde o punto de vista da contratación, están englobadas neste sector.

Trátase de ocupacións con baixa cualificación e en moitos casos non requiren coñecementos específicos nin experiencia laboral previa.

2.

Unha mesma persoa parada pode solicitar ata seis ocupacións distintas nas que desexa traballar, nesta táboa téñense en conta todos os grupos ocupacionais demandados polas persoas en paro.

De todos os xeitos, as dúas ocupacións onde se concentran o maior número de persoas desempregadas de longa duración son os dependentes en tendas e o persoal de limpeza.

No último ano case todas as ocupacións rexistraron un descenso do paro de longa duración. A maior incidencia foi precisamente nestas dúas (persoal de limpeza e vendedores, ambas entornando a 2.000 desempregados menos), seguidas do persoal empregado administrativo, os camareiros e os peóns das industrias manufactureiras, que rexistraron un descenso no desemprego de maior antigüidade que afectou arredor de 1.000 efectivos.

Porén, o ritmo de descenso do paro de longa duración que experimentou unha maior aceleración no último ano, rexistrouse no eido da hostalaría, en concreto entre os camareiros, que viron descender o seu volume de paro de longa duración en máis dun 16%.

Destaca o grupo ocupacional dos empregados administrativos, onde máis da metade dos parados que a demandan son de longa duración.

2.4 | COLECTIVOS DO PARO DE LONGA DURACIÓN


2.4.1 Persoas estranxeiras

Persoas estranxeiras. Decembro 2022	PLD	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	% PLD s/t parados estranxeiros por sexo
Homes	995	-129	-11,48%	25,47%
Mulleres	1.823	-358	-16,41%	27,76%
Total	2.818	-487	-14,74%	26,91%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

O número de persoas desempregadas de longa duración de nacionalidade estranxeira rexistradas a 31 de decembro de 2022 ascendía a 2.818 O paro de longa duración incide menos nas persoas paradas estranxeiros que nos nacionais, xa que arredor do 27% das persoas paradas estranxeiras son de longa duración, fronte unha porcentaxe do 48,63% nos nacionais. Se nos centramos na porcentaxe que supón este colectivo na totalidade das persoas paradas de longa duración, esta foi do 4,21%.

%PLD por nacionalidade



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Distribución PLD por nacionalidade



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.


Na distribución dos PLD estranxeiros por sexo atopámonos cunha situación semellante á que ocorría co total dos PLD, o 64,69% eran mulleres e o 35,31% homes; dito doutro xeito, de cada tres persoas paradas de longa duración estranxeiras, dúas son mulleres.

Distribución PLD estranxeiros por sexo



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Evolución das persoas paradas estranxeiras




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

■ PDL
■ Total

Se atendemos á evolución anual do paro de longa duración estranxeiro dende o ano 2017, vemos que non segue exactamente a mesma tendencia que o conxunto do colectivo. Hai retroceso ata o 2019, incremento importante no 2020, debido a irrupción da pandemia en marzo, o que converteu este ano no peor para o mercado laboral. A partir de aquí, os anos 2021 e 2022 continúan coa tendencia rexistrada nos anos anteriores de caída de desemprego.

Deste xeito, a variación interanual das persoas paradas de longa duración estranxeiras mostra mellor evolución que o total do colectivo ao longo de todo o período de análise, con baixadas interanuais máis intensas nos PLD, con excepción do ano 2020, onde o aumento dos PLD foi case o dobre que o do total do colectivo de estranxeiros. No último ano, as persoas paradas de longa duración estranxeiras mostran un descenso considerable, un 14,74% menos, este dato contrasta co incremento do paro das persoas inmigrantes nos último 12 meses (+157 persoas, un 1,52% máis). O resultado global do quinquenio arroxa unha baixada dos PLD estranxeiros dun 12,43%, fronte a unha subida do 4,95% que experimenta o total do colectivo.

Variacións anuais das persoas paradas estranxeiras




■ PLD
■ Total

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Datos por país de nacionalidade

En decembro de 2022, as persoas paradas estranxeiras que levaban máis dun ano inscritas nas oficinas públicas de emprego galegas, procedían, principalmente, de países dentro da fronteira da UE e de Latino América. A maior parte provén do país veciño Portugal (o 22,21%), seguido de Marrocos (13,95%) e Romanía (12,78%), que son os países de onde procede o groso de inmigrantes da nosa comunidade.

10 países con maior número de persoas PLD estranxeiras



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

2.4.2 Persoas con discapacidade


Persoas con discapacidade	PLD	Var. anual absoluta	Var. anual relativa	% PLD s/t parados con discapacidade por sexo
Homes	2.279	-264	-10,38%	59,21%
Mulleres	2.677	-200	-6,95%	63,45%
Total	4.956	-464	-8,56%	61,43%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

A cifra de persoas paradas de longa duración con discapacidade a 31 de decembro de 2022 situábase en 4.956, o que supón que o colectivo de persoas con discapacidade da nosa comunidade representa o 7,41% do total de persoas desempregadas de longa duración de Galicia.


A análise dos parados de longa duración mostra unha maior proporción no colectivo de persoas con discapacidade, en concreto representan o 61,43%, ou dito doutro xeito, case dous de cada tres parados con discapacidade levan na procura dun emprego máis dun ano. Pola súa parte, o colectivo sen discapacidade mostra unha porcentaxe máis de 15 puntos inferior (46,17%).

% PLD das persoas con e sen discapacidade



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.


Distribución PLD segundo teñan ou non discapacidade



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.


Desagregado por sexo, do total de parados, 2.677 eran mulleres (54,02%) e 2.279 homes (45,98%). É preciso sinalar que a proporción de mulleres paradas neste colectivo é notablemente menor que a observada para o conxunto das mulleres paradas de longa duración que é de arredor do 61%.

Distribución PLD con discapacidade por sexo



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.


Evolución das persoas paradas con discapacidade



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

En canto á evolución do paro das persoas con discapacidade nos últimos anos, rexistramos un ascenso continuado dende o ano 2018 ata o 2020; aumentando especialmente neste último ano. No caso do desemprego de longa duración o incremento foi de 25 puntos, mentres que a subida do paro do total do colectivo foi moito menor, medrou en 10 puntos. Pero no 2021 rachou esta tendencia e baixou o desemprego; neste ano a caída foi notable (-24,68% no caso do PLD e -17,34% no conxunto do colectivo). No ano seguinte o paro tamén descendeu, pero con cifras máis moderadas. Nesta tesitura, e a pesar da importante subida do 2020, Galicia remata o 2022 con menos desemprego, tanto no conxunto do colectivo como no paro de longa duración, do que había no ano 2017.

Variacións anuais das persoas paradas con discapacidade



■ PLD
■ Total

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

2.5 | PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO DAS PERSOAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN

En decembro de 2022, das 66.889 persoas paradas que levaban inscritas máis dun ano, 26.853 eran beneficiarias dunha prestación por desemprego, unha porcentaxe do 40,15% sobre o

total das persoas paradas de longa duración. É dicir, estas persoas atopábanse nalgunha das situacións protexidas pola continxencia de desemprego nas súas distintas modalidades. As prestacións que protexen a situación de desemprego estrutúranse en dous niveis: o contributivo e o asistencial.


A grande maioría deles, 20.400 persoas, perciben un subsidio por desemprego, unha protección de nivel asistencial, que, entre outros requisitos require que a persoa desempregada non teña dereito á prestación contributiva (por non ter cotizado o tempo suficiente ou por tela esgotado, entre outras causas); 3.672 persoas perciben unha prestación contributiva, e 2.781 son beneficiarias da RAI, unha axuda económica de apoio aos traballadores desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego.

Tipo de prestación. Decembro de 2022	Persoas PLD Beneficiarias
Contributiva	3.672
Subsidios	20.400
Renta Activa de Inserción (RAI)	2.781
Total	26.853

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Distribución das persoas PLD segundo sexan ou non beneficiarias dunha prestación por desemprego

- Beneficiarias
- Non beneficiarias



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Persoas PLD beneficiarias por sexo e grupos de idade

Decembro 2022	Homes	Mulleres	Total	%s/ total PLD por idades
<30	88	176	264	9,52%
30-44	830	1.951	2.781	19,51%
45-54	2.414	3.101	5.515	29,83%
55 ou máis	9.252	9.041	18.293	58,30%
Total	12.584	14.269	26.853	40,15%
%s/ total PLD por sexo	48,11%	35,03%	40,15%	

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

En canto aos beneficiarios por xénero, en proporción hai máis beneficiarios homes, un 48% dos parados de longa duración cobran algunha prestación, fronte a un 35% das paradas de longa duración. Con respecto aos grupos de idade están máis protexidas as persoas PLD de máis de 55 anos, xa que máis da metade delas son beneficiarias dunha prestación por desemprego (58,30%). Este colectivo de maior idade conta con axudas específicas, como o subsidio para maiores de 52 anos.



3

**CONTRATACIONES ÁS
PERSOAS PARADAS DE
LONGA DURACIÓN**

	2018	2019	2020	2021	2022
Persoas PLD contratadas nese ano	14.739	11.834	7.300	14.515	11.162
% PLD contratados s/ total PLD ³	17,39%	15,76%	10,39%	15,73%	15,22%


Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Ao longo 2022 houbo 11.162 parados de longa duración que conseguiron un contrato de traballo, o que supuxo unha proporción do 15,22% sobre o total dos PLD, unha cifra que practicamente non flutúa dende 2019, coa excepción da baixada de 2020 debido á pandemia. O retroceso continuo no número de parados foi paralelo ao do número de contratados, dando como resultado unha estabilización desta proporción.

Contratos e persoas contratadas nas persoas paradas de longa duración

O número total de contratos asinados polas persoas PLD rexistrou un descenso neste período, así no ano 2022 asináronse en total 20.347 contratos, 7.806 contratos menos que no 2018, un 27,73% menos. Esta caída na contratación tamén afectou ao número de persoas contratadas, as cales caen en 3.577, o que supuxo en termos relativos unha diminución do 24,27%.


Contratos e persoas contratadas PLD



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

3. Estúdanse aquelas persoas que, sendo PLD ao peche dun ano determinado, tiveron polo menos un contrato de traballo ao longo do ano seguinte.

Índice de rotación



No que se refire á media de contratos que se realizaron por persoa parada de longa duración, o chamado índice de rotación, vemos que descende lixeiramente no 2019 e no 2020. Nese ano, coincidindo coa pandemia, situouse en 1,64; no ano 2021, onde se comeza a notar unha certa normalización do mercado laboral, acada practicamente a mesma rotación que no 2018, 1,90 contratos por persoa.

Nº de contratos	Persoas contratadas	
	2021	2022
1	9.305	6.998
2	2.804	2.374
3	1.093	890
4	483	332
5 a 10	658	461
máis de 10	172	107
Total	14.515	11.162

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

No 2022, debido ao aumento da contratación indefinida, a rotación laboral neste colectivo cae e sitúase en 1,82, a cifra máis baixa do período estudado (agás 2020), sendo menor que o índice de rotación no mercado laboral para a contratación xeral, que en 2022 se sitúa en 2,38.

En relación co exposto, en 2022, o peso das persoas PLD que firmaron 1 só contrato ascendía ao 63%, é dicir, de cada 3 persoas PLD que foron contratadas no 2022, dúas asinaron un só contrato, proporción moi semellante á de 2021 (64%). No lado oposto, sitúanse aqueles que realizaron nun ano máis de 10 contratos, é dicir, os que teñen maior rotación laboral, que tan só supoñen neste 2022 o 0,96% de todos os PLD contratados.

3.1 | CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

3.1.1 Contratacións por sexo


2022	Homes	Mulleres	Total	% s/t contratos
Contratos a PLD	7.184	13.163	20.347	2,41%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

No ano 2022 realizáronse 20.347 contratos a persoas paradas de longa duración, o que representou o 2,41% da totalidade da contratación dese ano.

A distribución por sexo da contratación a persoas paradas de longa duración mostra que o 64,69% foron subscritos por mulleres e o 35,31% por homes; ou dito doutro xeito, aproximadamente de cada tres contratos, dous foron para mulleres. Isto significa que malia que os niveis de emprego entre os homes e as mulleres foron achegándose nos últimos anos, aínda hai diferenzas tal e como confirma o feito de que o número de desempregadas sexa notablemente maior.

Distribución dos contratos a PLD por sexo




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

3.1.2 Contratación por tramos de idade

Aproximadamente tres de cada catro contratos foron realizados por persoas paradas de longa duración nos tramos de idade intermedios (73,42%), mentres que os menores de 30 anos só supoñían o 8,20%, e os maiores de 54 un 18,39% .

Distribución dos contratos a PLD por grupos de idade




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

3.1.3 Contratación por nivel académico

Predominan as contratacións a persoas PLD con baixo nivel de cualificación, así o 67,09% dos contratos foron asinados por persoas que a lo sumo tiñan o título de ESO ou equivalente.

Distribución dos contratos a PLD por nivel de estudos

- Ata ESO sen título
- ESO con titulación
- Bacharelato
- Formación profesional
- Titulados universitarios
- Outras titulacións




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

3.1.4 Contratación por tipoloxía

Do total de contratos asinados no 2022 por PLD, 6.040 foron indefinidos, o que supón o 29,68%, unha porcentaxe moi superior á que era habitual en anos anteriores, pero 2,32 puntos inferior á do total das contratacións en 2022 (32,00%). Con todo, cómpre destacar que do total da contratación indefinida, o 21,52% (1.300) eran fixos descontínuos (contrato que se adapta aos períodos de actividade da empresa), modalidade que rexistrou un gran aumento despois da aprobación da reforma laboral. En calquera caso, a contratación temporal segue concentrando o 70% da contratación, en maior medida a de xornada completa.

Contratos a PLD por tipoloxía contractual




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

3.1.5 Contratación por sectores e actividades económicas

No que respecta á contratación das persoas desempregadas de longa duración por sectores, os datos mostran o protagonismo do sector servizos o cal representa o 81,25% de todos os contratos realizados con este colectivo. No sector servizos englobábase numerosas actividades, algunhas moi destacadas na creación de emprego, e algunhas claramente vinculadas a tempada estival; de feito as actividades con máis contratación son os servizos de comidas e bebidas con 2.391 contratos (11,75%), o comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas, con 1.900 contratos (9,34%) e a administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria con 1.638 contratos (8,05%). Resulta paradigmático que as actividades con máis contratos son tamén as que teñen máis parados o que nos leva a pensar que, este tipo de actividades aínda que xeran ocupación, esta resulta insuficiente, xa que non son quen de absorber a todos os desempregados.

Distribución dos contratos a PLD por sectores económicos



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

10 ramas de actividade económica (CNAE-09) onde máis se contratan a PLD	Contratos	% s/ t contratos a PLD
Servizos de comidas e bebidas	2.391	11,75%
Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.900	9,34%
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1.638	8,05%
Servizos a edificios e xardinaria	1.212	5,96%
Industria da alimentación	885	4,35%
Servizos de aloxamento	755	3,71%
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	745	3,66%
Asistencia en establecementos residenciais	672	3,30%
Educación	649	3,19%
Comercio por xunto e intermediarios do comercio	620	3,05%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

O resto dos sectores rexistraron unha cifra moi inferior de contratos. Dentro do sector secundario destaca por número de contratos a industria alimentaria con 885, seguido pola fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques con 291 contratos, a seguinte actividade en importancia por cifra de contratación é a fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo con 238 contratos.

3.1.6 Contratación por ocupacións

10 ocupacións (CNO-2011) onde máis se contratan a PLD	Contratos	% s/t contratos a PLD
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares	1.735	8,53%
Camareiros asalariados	1.584	7,78%
Vendedores en tendas e almacéns	1.344	6,61%
Peóns das industrias manufactureiras	1.188	5,84%
Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes	612	3,01%
Axudantes de cociña	570	2,80%
Empregados domésticos	565	2,78%
Traballadores dos coidados persoais a domicilio	542	2,66%
Cociñeiros asalariados	447	2,20%
Outro persoal de limpeza	417	2,05%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

As ocupacións máis contratadas entre as persoas desempregadas de longa duración son maioritariamente de baixa cualificación.


Máis da metade (56,36%) da contratación concentrouse en 10 ocupacións. A maioría corresponden ao sector servizos algo lóxico dado que as actividades que xeran máis emprego, desde o punto de vista da contratación, están englobadas neste sector.

Trátase, en xeral, de ocupacións con baixa cualificación e en moitos casos non requiren coñecementos específicos nin experiencia laboral previa.

A única actividade que non pertence ao sector dos servizos é a industria da alimentación.

3.1.7 Mobilidade nas contratacións

A mobilidade deste colectivo é reducida. De acordo cos datos dispoñibles o 5,37%⁴ das persoas contratadas PLD saen a traballar cara a outras Comunidades Autónomas. En valores absolutos, 633 persoas desempregadas galegas subscribiron un contrato para traballar fóra da nosa comunidade autónoma en 2022.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

4. En termos de mobilidade téñense en conta o total das persoas contratadas para traballar tanto dentro como fóra de Galicia. Na estatística de contratos só se contabilizan as contratacións cuxo centro de traballo radique en Galicia.

Que este colectivo non prevexa en maior medida a posibilidade de traballar fóra, e non o considere unha saída á súa situación de desemprego, e centre a súa busca de emprego só no seu ámbito xeográfico, minguando así as súas posibilidades de abandonar o paro, explícase, en boa parte, por diversas razóns: este tipo de paro tan prolongado potencia a desconfianza a hora de buscar un emprego, (sobre todo en aquelas persoas desempregadas de máis idade). E tamén inflúe o feito, sobre todo nos parados de máis idade, de que teñan responsabilidades familiares.



**O PERFIL DA PERSOA
PARADA DE LONGA
DURACIÓN**

Tendo en conta, de xeito independente, a categoría con maior peso dentro de cada variable comentada nos epígrafes anteriores, pódese extraer o seguinte perfil das persoas paradas de longa duración. Inclúese tamén o perfil das persoas de longa duración que asinaron un contrato.

Perfil da persoa parada de longa duración galega. Decembro 2022

Sexo	Muller	60,89%
Antigüidade	Máis de 24 meses	70,87%
Nivel académico	Ata ESO sen título	41,10%
Idade	Maior de 54 anos	46,91%
Nacionalidade	Española	95,79%
Sector de actividade	Servizos	69,27%
Actividade económica	Comercio ao retallo, salvo vehículos de motor e motocicletas	10,11%
Grupo ocupacional	Vendedores en tendas e almacéns	34,08%
Beneficiario de prestacións	Non	59,85%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

O perfil da persoa parada de longa duración no ano 2022 correspóndese con: muller, de nacionalidade española, maior de 54 anos, con baixo nivel educativo (ata ESO sen título), que leva máis de dous anos na procura dun emprego, non percibe ningunha prestación por desemprego, procede da actividade do comercio ao retallo e demanda a ocupación de vendedora en tendas e almacéns.

Perfil das contratacións realizadas ás persoas paradas de longa duración

Sexo	Muller	64,69%
Nivel académico	Ata ESO sen título	33,72%
Idade	De 30 a 44 anos	39,67%
Tipoloxía	Temporal a tempo completo	41,03%
Sector de actividade	Servizos	81,25%
Actividade económica	Servizos de comidas e bebidas	11,75%
Grupo ocupacional	Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares	8,53%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

O perfil da contratación a persoas paradas de longa duración correspóndese cunha muller, de nacionalidade española, de mediana idade, con baixo nivel educativo (ata ESO sen título), cun contrato temporal a tempo completo na actividade de servizos de comidas e bebidas e na ocupación persoas de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares.



5

**A TAXA DE
DESEMPREGO DE
LONGA DURACIÓN
(EPA)**

Outra forma de medir o desemprego é a empregada na Enquisa de Poboación Activa (IGE/INE). Neste caso a definición de paro é a acordada pola Organización Internacional do Traballo (aquelas persoas que na semana anterior á realización da entrevista se atopaban sen emprego, buscando activamente emprego e dispoñibles para traballar) e a taxa de paro de longa duración defínese como a porcentaxe de poboación activa que estivo desempregada polo menos 12 meses.

Evolución nos tres ámbitos: galego, nacional e comunitario

	Galicia	España	UE27
2005	3,1
2006	2,3
2007	2
2008	2
2009	2,9	4,3	3,1
2010	5,5	7,3	4
2011	7,1	8,9	4,3
2012	9,2	11	4,9
2013	11,1	13	5,4
2014	11,6	12,9	5,4
2015	10,6	11,4	4,9
2016	8,9	9,5	4,3
2017	7,9	7,7	3,7
2018	5,9	6,4	3,1
2019	4,6	5,3	2,7
2020	4,1	5	2,5
2021	4,8	6,2	2,8
2022	4,2	5	2,4

.. : dato non dispoñible


Fonte Galicia: IGE/INE. Enquisa de poboación activa
Unión Europea 27, España: Eurostat/LFS: EU Labour Force Survey

Mentres que nos anos de expansión económica previos á crise de 2008, Galicia acadaba valores mínimos da taxa de paro de longa duración, sendo en 2009 inferior á de España, e incluso

á da UE. A partir dese ano, aínda que todos os ámbitos territoriais padeceron un aumento progresivo deste tipo de desemprego como consecuencia da crise económica xeneralizada, o certo é que a Unión Europea o fixo a un ritmo máis moderado que España e Galicia que, polo contrario, experimentan unha subida notable, o que evidencia que España foi un dos países máis prexudicados da Unión Europea polos efectos negativos da crise. A partir do ano 2014, e no caso de Galicia dende o ano 2015, o número de parados de longa duración comezou a baixar de xeito progresivo ata o ano 2020, logo dun ascenso no ano 2021, volveu a reducirse a taxa en 2022. En 2020 reduciuse o número de parados de longa duración EPA debido a que moitos deles deixaron de buscar emprego durante os períodos de confinamento e restricións que se sucederon ao longo do ano, mentres que en 2021 aumentaron o seu número, xa que comezaron a buscar traballo activamente pola reactivación económica, o que inflúe na baixada das taxas en 2020 e as subidas en 2021.

Se comparamos Galicia con España, Galicia, desde o ano 2009 ata o 2022 sitúase nunha posición máis favorable que o conxunto do Estado e rexistra unha taxa de desemprego de longa duración inferior ao longo de todo este período.


Variación anual da taxa de paro de longa duración




Resultados por CCAA

En 2022 a taxa de desemprego de longa duración galega sitúase nun posto intermedio; acada unha porcentaxe do 4,2% (0,8 puntos por debaixo da estatal) e ocupa o noveno posto, é dicir, a medio camiño entre os niveis máis altos e os máis baixos. Os mellores resultados corresponden a Aragón (2,9%), seguida de Illes Balears (3,0%), a continuación La Rioja (3,2%) e Cantabria, Comunidad Foral de Navarra e o País Vasco (as tres cun 3,4%). Pola contra, as taxas máis altas corresponden a comunidades do centro e sur español: Canarias (8,4%), Andalucía (7,4%), Extremadura (6,1%) e Castilla-La Mancha (5,9%).

Taxa de desemprego de longa duración por CCAA. 2022



Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Eurostat



Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Eurostat

Os Estados que en 2022 superan a media da UE (2,4%) en taxa de desemprego de longa duración son Grecia (7,7%), España (5,0%), Italia (4,6%), Eslovaquia (4,1%) e Portugal (2,7%), fundamentalmente os países do sur de Europa, situación semellante á que sucede coa taxa de paro da poboación en idade laboral. Pola contra, os Estados coas mellores posicións corresponden aos países do norte e centro europeo: Dinamarca (0,5%), República Checa (0,6%), os Países Baixos (0,7%) e Polonia (0,9%).



6

**PRINCIPAIS
CONCLUSIÓNS**

O paro de longa duración non é algo novo no noso mercado laboral, é dicir, non aparece coa crise económica de 2008, nin coa máis recente crise pola pandemia da COVID-19, aínda que os períodos de recesión económica acentúan notablemente a destrución de emprego e, polo tanto, o aumento do desemprego.

En canto a Galicia, a taxa de paro de longa duración sitúase no 4,2% no 2022, 0,8 puntos por debaixo da taxa nacional, pero por riba da taxa media dos países da UE.

No que respecta aos desempregados de longa duración (aqueles que levan na procura dun emprego máis dun ano de xeito ininterrompido), rexistrados nas nosas oficinas de emprego, ascendían o 31 de decembro de 2022 a 66.889 persoas, o que supoñía o 47,03% da totalidade de parados de Galicia.

Dende o ano 2014 Galicia encadea unha diminución progresiva de parados neste colectivo, interrompida soamente en 2020. Neste último ano o desemprego de longa duración reduciuse nun 8,77% afectou principalmente os que levaban en desemprego máis de dous anos (-9,83%).

Do total de parados de longa duración, o grupo máis numeroso corresponde cos que levan desempregados máis de 24 meses (70,87%), dos cales a maioría son mulleres.

Outros colectivos dentro dos desempregados de longa duración son os estranxeiros, os cales representan o 4,21%, e as persoas con discapacidade, un 7,41%.

Tradicionalmente eran os mozos os que estaban asociados a este colectivo, pero a raíz da crise económica isto cambiou e estendeuse a todas as idades. Se poñemos en relación o peso deste colectivo co total de desempregados, os datos son inequívocos: a maior idade, maior presenza dos parados de longa duración.

No ano 2022, dous de cada tres desempregados de longa duración tiñan un nivel de estudos rematados que como moito abranguía ata a primeira etapa da educación secundaria, o que, sen dúbida, mingua as súas posibilidades de atopar un emprego.

Algo máis da metade dos desempregados de longa duración procedían do sector servizos (69,27%), algo previsible dado que este sector ten unha posición preeminente no noso tecido produtivo e engloba o maior número de traballadores e empresas, a bastante distancia do resto dos sectores.

A maioría dos desempregados de longa duración tiñan experiencia laboral previa, concretamente o 91,88%.

O 40,15% dos parados de longa duración eran beneficiarios dunha prestación por desemprego.

Ao longo de 2022 contratáronse 11.162 persoas que o 31 de decembro de 2021 levaban anotadas nas listas do paro máis de 12 meses continuados, o que supoñía o 15,22% dos PLD.

Estas persoas contratadas tradúcense en 20.347 contratos, o 2,41% das contratacións rexistradas en 2022.

O índice de rotación contractual nos parados de longa duración é menor que o índice de rotación xeral; no ano 2022 alcanzou un mínimo de 1,82 contratos por persoa, debido ao aumento da contratación indefinida que trouxo consigo a aprobación da reforma laboral (RDL 32/2021).

O colectivo de parados de longa duración non se caracteriza pola súa mobilidade, só no 5,37% das persoas contratadas o centro de traballo estaba radicado noutra comunidade autónoma.



7. ANEXO TÁBOAS

Evolución do paro rexistrado Galicia

	PLD	Paro rexistrado	Var. anual relativa		%PLD s/t paro
			PLD	Paro rexistrado	
2005	69.329	178.676	-	-	38,80%
2006	64.681	160.666	-6,70%	-10,08%	40,26%
2007	59.260	154.982	-8,38%	-3,54%	38,24%
2008	60.588	189.903	2,24%	22,53%	31,90%
2009	77.309	222.839	27,60%	17,34%	34,69%
2010	94.109	237.313	21,73%	6,50%	39,66%
2011	102.341	258.234	8,75%	8,82%	39,63%
2012	123.314	278.787	20,49%	7,96%	44,23%
2013	128.352	271.063	4,09%	-2,77%	47,35%
2014	120.160	251.918	-6,38%	-7,06%	47,70%
2015	105.956	228.808	-11,82%	-9,17%	46,31%
2016	94.451	205.914	-10,86%	-10,01%	45,87%
2017	84.741	185.013	-10,28%	-10,15%	45,80%
2018	75.076	169.295	-11,41%	-8,50%	44,35%
2019	70.242	165.308	-6,44%	-2,36%	42,49%
2020	92.257	189.587	31,34%	14,69%	48,66%
2021	73.323	152.584	-20,52%	-19,52%	48,05%
2022	66.889	142.222	-8,77%	-6,79%	47,03%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG
Datos referidos ao último día de cada ano

Persoas PLD por tramos de idade, sexo e tempo de inscrición no desemprego

Decembro 2022	De 12 a 24 meses			Máis de 24 meses			Total PLD		
Antigüidade	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
< de 25 anos	260	265	525	129	182	311	389	447	836
Entre 25 e 29 anos	487	585	1.072	331	533	864	818	1.118	1.936
Entre 30 e 44 anos	2.057	3.741	5.798	2.568	5.890	8.458	4.625	9.631	14.256
>=45 anos	5.178	6.914	12.092	15.149	22.620	37.769	20.327	29.534	49.861
Total	7.982	11.505	19.487	18.177	29.225	47.402	26.159	40.730	66.889

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Persoas PLD por nivel formativo, tramos de antigüidade e sexo

Decembro 2022		De 12 a 24 meses	Máis de 24 meses	Total PLD	% s/t total PLD	% s/t PLD por sexo
HOMES	Ata ESO sen titulación	3.569	8.633	12.202	18,24%	71,79%
	ESO con titulación	1.960	4.618	6.578	9,83%	
	Bacharelato	687	1.631	2.318	3,47%	28,21%
	Formación profesional	1.062	2.130	3.192	4,77%	
	Titulación universitaria	704	1.160	1.864	2,79%	
	Outras titulacións	0	5	5	0,01%	
	Total homes	7.982	18.177	26.159	39,11%	
MULLERES	Ata ESO sen titulación	4.280	11.010	15.290	22,86%	62,97%
	ESO con titulación	2.591	7.767	10.358	15,49%	
	Bacharelato	1.081	2.777	3.858	5,77%	37,03%
	Formación profesional	1.915	4.482	6.397	9,56%	
	Titulación universitaria	1.630	3.175	4.805	7,18%	
	Outras titulacións	8	14	22	0,03%	
	Total mulleres	11.505	29.225	40.730	60,89%	
Total ambos os sexos		19.487	47.402	66.889		

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SPEG.

Evolución EPA comparativa España

	Taxa de actividade		Taxa de emprego		Taxa de paro	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2005	52,69	58,08	47,87	53,02	9,14	8,71
2006	53,34	58,88	49,13	54,01	7,88	8,26
2007	53,93	59,47	49,90	54,38	7,46	8,57
2008	55,04	60,35	49,73	52,03	9,64	13,79
2009	54,38	59,99	47,42	48,80	12,80	18,66
2010	54,02	60,25	45,58	48,13	15,62	20,11
2011	54,95	60,29	44,97	46,69	18,17	22,56
2012	54,80	60,23	43,22	44,71	21,13	25,77
2013	53,99	59,86	42,18	44,46	21,88	25,73
2014	53,47	59,77	42,31	45,61	20,87	23,70
2015	53,33	59,43	43,87	47,01	17,74	20,90
2016	53,37	58,95	44,68	47,97	16,29	18,63
2017	52,98	58,80	45,19	49,07	14,71	16,55
2018	52,99	58,61	46,61	50,14	12,04	14,45
2019	53,13	58,74	46,89	50,64	11,74	13,78
2020	52,30	58,19	46,20	48,81	11,66	16,13
2021	52,39	58,65	46,62	50,83	11,01	13,33
2022	52,69	58,52	47,09	50,99	10,63	12,87

Fonte: IGE/INE. Enquisa de poboación activa.
Datos referidos ao 4º trimestre de cada ano

	Var. anual taxa de actividade		Var. anual taxa de emprego		Var. anual taxa de paro	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2006	0,65	0,80	1,26	0,99	-1,26	-0,45
2007	0,59	0,59	0,77	0,37	-0,42	0,31
2008	1,11	0,88	-0,17	-2,35	2,18	5,22
2009	-0,66	-0,36	-2,31	-3,23	3,16	4,87
2010	-0,36	0,26	-1,84	-0,67	2,82	1,45
2011	0,93	0,04	-0,61	-1,44	2,55	2,45
2012	-0,15	-0,06	-1,75	-1,98	2,96	3,21
2013	-0,81	-0,37	-1,04	-0,25	0,75	-0,04
2014	-0,52	-0,09	0,13	1,15	-1,01	-2,03
2015	-0,14	-0,34	1,56	1,40	-3,13	-2,80
2016	0,04	-0,48	0,81	0,96	-1,45	-2,27
2017	-0,39	-0,15	0,51	1,10	-1,58	-2,08
2018	0,01	-0,19	1,42	1,07	-2,67	-2,10
2019	0,14	0,13	0,28	0,50	-0,30	-0,67
2020	-0,83	-0,55	-0,69	-1,83	-0,08	2,35
2021	0,09	0,46	0,42	2,02	-0,65	-2,80
2022	0,30	-0,13	0,47	0,16	-0,38	-0,46

Fonte: IGE/INE. Enquisa de poboación activa. Datos referidos ao 4º trimestre de cada ano

2022TIV	Galicia	España	Var. anual absoluta		Var. anual relativa	
			Galicia	España	Galicia	España
Poboación activa	1.235.900	23.487.800	9.500	199.000	0,77%	0,85%
Poboación ocupada	1.104.500	20.463.900	13.200	279.000	1,21%	1,38%
Poboación parada	131.400	3.024.000	-3.700	-79.800	-2,74%	-2,57%

Fonte: IGE/INE. Enquisa de poboación activa

PLD



XUNTA
DE GALICIA